

Grao en Historia na USC

Laura Dacal Araújo

Curso 2023/24.



# Populismo e cultura política en Perú

Análise dos episodios e historia política no século XX. O goberno dos poucos e o xogo coas maiorías.

Traballo de Fin de Grao  
Departamento de Historia de América  
Prof. Titor: Eduardo Rey Tristán

## Índice.

	Páxinas
Resumos e palabras chave	1
Introducción	2
1. O populismo como modelo político	4
2. Historia política e contextos do Perú contemporáneo	8
3. Dous casos e un paradigma: Perú e tres experiencias populistas	17
3.1. Un primeiro populismo	
3.2. Un populismo puro	
3.3. Un populismo á forza?	
4. Conclusións e reflexións. Impacto na cultura política.	30
Bibliografía	34

---

### Índice de siglas:

APRA: Alianza Popular Revolucionaria Americana / PAP: Partido Aprista Peruano

CEPAL: Comisión Económica para América Latina y El Caribe

ISI: Industrialización por Substitución de Importacións

SINAMOS: Sistema Nacional en Apoyo de la Movilización Social

**Resumo:**

O presente traballo busca reabrir o debate na análise política dos pasados gobernos e réximes da América Latina contemporánea, nos cales o concepto de "populista" se aceptou como adxetivo para definir os liderados de grande parte dos modelos políticos que se instauraron no continente. Nas seguintes páxinas escollemos o Perú do século XX para analizar este fenómeno, as súas implicacións e os episodios máis destacados que poderían confirmar o populismo como unha práctica ben acollida dentro (e fóra) das fronteiras do país. Así, analizaremos as características do populismo, a historia política peruana e finalmente os encontros entre o concepto e a realidade.

**Palabras chave:** Perú contemporáneo, populismos, actitudes políticas, movementos de masas, líderes.

**Resumen:**

El presente trabajo busca reabrir el debate en el análisis político de los gobiernos y regímenes pasados en la América Latina contemporánea, en los cuales se aceptó el concepto de "populista" como adjetivo para definir el liderazgo de gran parte de los modelos políticos que se instauraron en el continente. En las siguientes páginas, elegimos el Perú del siglo XX para analizar este fenómeno, sus implicaciones y los episodios más destacados que podrían confirmar el populismo como una práctica bien recibida dentro (y más allá) de las fronteras del país. Así, analizaremos las características del populismo, la historia política peruana y finalmente los encuentros entre el concepto y la realidad.

**Palabras clave:** Perú contemporáneo, populismos, actitudes políticas, movimientos de masas, líderes.

**Summary:**

This work seeks to reopen the debate in the political analysis of past governments and regimes in contemporary Latin America, in which the concept of "populist" was accepted as an adjective to define the leadership of a large part of the political models that were established in the continent. In the following pages, we choose Peru of the 20th century to analyze this phenomenon, its implications and the most prominent episodes that could confirm populism as a well-received practice within (and beyond) the country's borders. Thus, we will analyze the characteristics of populism, Peruvian political history, and finally the encounters between the concept and the reality.

**Keywords:** Contemporary Peru, populism, political attitudes, mass movements, leaders.

## Introducción.

O populismo é unha práctica e cara política asentada na grande maioría do globo, mostrándose especialmente enraizada en Iberoamérica. Debido a esa inabarcable expresión, este traballo busca centrarse nas súas manifestacións ao longo do século XX no país andino de Perú. Para iso, percorremos as décadas do século pasado sinalando os exemplos e xustificacións da súa toma de poder, repasando a historia política do país, para así tratar de entender as condicións, contexto e formas coas que este modelo logra o mando da nación. Sendo esta unha análise histórica non perseguirá tanto investigar o populismo como fenómeno universal, unha labor máis propia das ciencias políticas, senón tratar de entender a aparición, o seu funcionamento, éxito e se cadra, progresiva mímese deste estilo político na cultura e gobernos de Perú co paso da centuria. Porén, si deberemos tratar e seleccionar algunhas das definicións do populismo, así como expoñer as súas características no Perú, pois será o que nos permita achegarnos ao seu fondo calado no país e sociedade, e en definitiva, reflexionar sobre a súa vitoria como práxe para acadar a presidencia. O esquema segue así: é preciso primeiro coñecer o populismo como forma política para así sermos quen de recoñecelo na análise das sucesivas páxinas, seguindo pois cun apartado para viaxar polos gobernos de Perú no século XX, e por último, destes selecciónanse tres exemplos para comparar e recoñecer os máis relevantes expoñentes do populismo. Finalmente, após estes tres puntos poderemos reflexionar sobre o impacto ou integración deste modelo na cultura política peruana, concluindo a análise do traballo.

A pregunta e tese que titula o traballo é se o populismo no Perú se limita a certos episodios e réximes que empregan o discurso e fórmula populista, de xeito concreto e limitado, ou se podemos analizar como se camufla nunha tradición política. A súa pervivencia e modelo practicamente "a seguir"<sup>1</sup>, pódenos levar polo tanto a cuestionar se se inscribe xa na cultura política do país, xa que excede os nosos límites do século XX. Unha das claves do populismo, para o seu éxito en tantos contextos, é a permeabilidade, mimetizándose coas tendencias e transformacións sociopolíticas ata a actualidade. Para falar desta e as súas principais características cómpre definir un marco teórico, para iso emprégase o esquema e obra de Flavia Freidenberg, con *La tentación populista* (2007), quen investiga e concreta que é e como se dá este modelo no continente. Un enunciado curto da súa definición sería: "un estilo de liderado, caracterizado pola relación directa, carismática, personalista e paternalista

---

<sup>1</sup> No sentido de converterse na vía de conquistar a mobilización da sociedade e acunar a política moderna (de masas) de referencia, en principio a oposta ás tradicionais ata entón; a vía militar ou da minoría oligárquica.

entre líder e seguidor, que non reconece mediacións organizativas ou institucionales" (Freidenberg, 2007, 25)

O concepto e transformacións do que se sinalou en Iberoamérica como transición á democracia dende os anos 30 foi infinitamente ralentizado e prolongado pola recorrencia das ditaduras, así como polo populismo. É neste sentido que algúns autores falan do modelo populista como o réxime intermedio entre os gobernos oligárquicos e a democracia contemporánea<sup>2</sup>, compartindo rasgos e actitudes cos precedentes que tanto criticaban. Veremos pois coa seguinte revisión das décadas do XX o paso político dende a oligarquía, co seu goberno da elite (minoría sobre maioría non partícipe na política), a gobernos cada vez máis refrendados pola participación da poboación; crecente mobilización, e reclamo de inclusión da cidadanía nas decisións políticas, sucedéndose algúns episodios democráticos á par da disputa e *tentación* populista. Será central na discusión sobre a pegada populista en Perú falar do APRA, partido e movemento que acompaña e personifica os rasgos do denominado "populismo clásico", propio das décadas do 1930 ao 50 (Freidenberg, 2007, 53). Emporiso, o marco cronolóxico que percorremos no punto da historia e contexto políticos centrarase nos tres cuartos finais do século XX, pechando coa chegada ao poder de Alberto Fujimori, demostrando amplamente as varias formas e políticas da centuria. Para este apartado, tratouse de subliñar o máis relevante do pasado político contemporáneo co libro de Eduardo Torres Arancivia, *Buscando un rey* (2007) e o manual de Carlos Contreras e Marcos Cueto, *Historia del Perú Contemporáneo* (2013), a bibliografía máis actualizada deste estudo.

Debido aos límites de extensión e formais do traballo non é posible tratar cada unha das presidencias ou líderes peruanos que amosan actitudes e discurso populista. Por iso, por non deixar de analizar máis detidamente algúns dos gobernos que máis destacan cando pensamos en populismo no Perú, escóllense tres dos casos máis sobresaíntes. Os motivos quedan sinalados así: comézase polo mandato de Luís Miguel Sánchez Cerro (1930-1933), por ser o primeiro movemento de masas que acada un goberno a través de urnas na apertura da década dos trinta. O segundo caso, non só é un imprescindible ao estudar o populismo en Perú, senón que se cita como paradigma en calquera obra sobre o tema (xunto co peronismo, varguismo, etc); o APRA (Alianza Popular Revolucionaria Americana), pois demostra a maior supervivencia e evolución do populismo de calquera partido ou movemento no subcontinente. Deste xeito, enfocámonos no liderado e anos centrais de Víctor Raúl Haya de la Torre e a

---

<sup>2</sup> Sobre o tema, referenciados en Freidenberg (2007, 45) os autores: Weffort, 1973 e Ianni, 1975. E en Álvarez Junco e González Leandri (1994, 27-28 e 41) véxase a teoría da modernización de Gino Germani.

influencia do aprismo na sociedade peruana nas primeiras décadas do partido, sen esquecer que pervive ata a actualidade. Por último, como terceiro exemplo, doutro signo e forma, faise interesante engadir tamén a experiencia da ditadura militar reformista de Juan Velasco Alvarado que por doce anos, desde o golpe de Estado no 1968, prometera lograr co seu réxime as promesas que o APRA non poidera, formulando unha política socialista, ou segundo os dous<sup>3</sup> dirixentes: unha "terceira vía" (Contreras e Cueto, 2013, 342). Para esta última análise foron cruciais a obra de Steve Stein, *Populism in Peru: The emergence of the Masses and the Politics of social control* (1980) e o capítulo de Aldo Mariátegui sobre o APRA en *El populismo en España y América* de Álvarez Junco e González Leandri (1994). Á fin, para concluír o traballo, expónse un último apartado cunha análise para reflexionar e tratar de pechar a cuestión xa exposta de se é o populismo xa un modelo integrado na función e cultura política do país andino.

## 1. O populismo: unha vía.

O desenvolvemento deste apartado é, canto menos, delicado, pois entender e definir o que é o populismo segue a ser un tema complexo e moi discutido. Vóltase borroso describilo como termo ou concepto pechado probablemente polas súas características e diversidade de exemplos. Primeiro está a inconcreción do seu título; que é o populismo? Unha práctica política, un estilo de discurso, unha ideoloxía (como o socialismo, por exemplo) unha actitude cara as masas, ou, como subtitula Flavia Freidenberg a súa obra, "unha vía ao poder"? O libro, adicado a tratar de explicar ou clarificar o populismo latinoamericano, propón a seguinte definición que xa anunciáramos brevemente na introducción:

"Un estilo de liderazgo, caracterizado por la relación directa, carismática, personalista y paternalista entre líder-seguidor, que no reconoce mediaciones organizativas o institucionales, que habla en nombre del pueblo y potencia la oposición de éste a los 'otros', donde los seguidores están convencidos de las cualidades extraordinarias del líder y creen que gracias a ellas, a los métodos redistributivos y/o al intercambio clientelar que tienen con el líder (tanto material como simbólico), conseguirán mejorar su situación personal o la de su entorno" (Freidenberg, 2007, 25)

Esta, como aclara a autora, sería a explicación política, sen contar no plano esencial os aspectos económicos ou a orientación das ideas (aloxado dos cadros europeos). Sublíñase pois o liderado, o concepto que nos aclara perfectamente como o populismo opera a partir dun líder, nos casos estudados sempre un home, que representa unha expectativa política, é un individuo e a súa figura (carisma, trasfondo, clientela) a que se convirte no equivalente a un

---

<sup>3</sup> Velasco sería sucedido no 1975 por outro militar, Francisco Morales Bermúdez.

partido (na orde constitucional) e ao xefe, propietario, ou pai (nas estruturas tradicionais; facenda/empresa e familia). É ese último paralelismo o que lle atribúe a confianza (familiaridade) por parte dos seus seguidores, sendo ese tipo de poder ou mando ao que está afeito a maioría da sociedade. A cercanía, o personalismo e de seguro o paternalismo, son factores clave no éxito e entramado de apoio que logran os líderes populistas; aséntanse nas redes clientelares, seguindo a tradición, e gañan o voto e a paixón dos seus seguidores a partir de favores, xestos humanos e resolución dos problemas individuais dos que acoden ao candidato, a modo de patrón. Isto último obríganos a ter en conta o "compadrazgo", en estreita relación co clientelismo, unha institución autóctona dos círculos urbanos latinoamericanos pola cal a partir dun padriño os sectores populares buscan protección e mellora na escala social. Un padriño cantos máis afillados ten, maior é o seu grado de autoridade, o que se traduce en que os líderes populistas se convirten no *Compadre mayor* (Freidenberg, 2007, 36). Vemos isto expresado perfectamente nos alcumes que se lle poñen a dous dos líderes que examinaremos. Luís Sánchez Cerro non era só o "Heroe de Arequipa", tamén o "Pai" dos cholos, que daba cartos aos que se lle acercaban dicindo "Toma hijo/hija, ya vamos a ver". O militar remarcaba as xerarquías e se enorgullecía da súa presenza autoritaria retratándose como o "caudillo supremo" (Stein, 1980, 104-106). Pola outra banda, Raúl Haya de la Torre, se cadra para distinguirse de Sánchez Cerro, era chamado entre os apristas o "Irmán maior", referíndose á súa comunidade de seguidores como unha "irmandade", na que por suposto el era o *Jefe Máximo* (Stein, 1980, 155). Irmán ou pai, ámbolos dous operan e vertebran os seus discursos cun marcado paternalismo.

O elemento discursivo é outra peza do esqueleto populista. Pola imprecisión dos programas e variedade dos proxectos resulta imposible estudar o populismo no xeral, polo que unha fonte que se empregou para analizar as actitudes populistas foron os discursos. Proposto por Ernesto Laclau<sup>4</sup>, dende a discursiva e a lingüística, pártese de que o populista non se apoia nunha ideoloxía, senón nun discurso, o cal se caracteriza pola confrontación de conceptos e sentimentos. Constrúese así unha oratoria maniquea: Pobo vs Oligarquía (ou elite de poder), ambos cargados de adxetivos esaxerados que funcionan como antónimos<sup>5</sup>. O mesmo líder se

---

<sup>4</sup> Ernesto Laclau (1935-2014) foi un historiador arxentino interesado pola filosofía política e teórico postmarxista. Acadaba o seu prestixio como defensor do populismo pola súa obra *La Razón Populista* (2005). Presentaba neste libro un novo esquema para reinterpretar as realidades políticas latinoamericanas e as ferramentas que permiten consolidar os procesos populares na rexión. Para maior profundización véxase o libro de Buenfil Burgos e Navarrete Cazales (2018).

<sup>5</sup> Un pobo idealizado, con todas as virtudes, naturalmente xusto e harmónico, que só se corrompe polos males sociais que edifica a elite imposta no poder, ilexítimamente: paradigma pobo/antipobo (Álvarez, 1994, 22).

presenta como un máis do Pobo, e por iso falaría coa lingua das súas xentes, incorporando convencionalismos (así como tópicos e verdades admitidas que soaban autoafirmativas para o auditorio) e evitando termos académicos para non alonxarse do seu público. Non obstante, o orador que era "soamente un home da rúa", convírtese en moito máis que o pobo, porque provindo do mesmo lugar, chega a unha posición moito máis elevada (demostrando a súa extraordinariedade); é un *self-made man*, quen certamente (como trataremos máis a miúdo para os casos específicos dos populistas peruanos) ten un pasado e logros que xustifican a súa honra, intelixencia,... valía para ser o mellor presidente (Álvarez, 1994, 22-23). É tal o carácter antitético do contido nas arengas que ás veces se torna nun discurso de "anti", convencendo aos oíntes máis na contra de outros grupos (en negativo) que cun programa en positivo. Un exemplo é o sanchezcerrismo, que non só criticaba o goberno anterior de Augusto Leguía, mais tamén ao seus contricantes nas futuras eleccións, os apristas (Stein, 1980, 113). Mais cales eran as súas propostas ao fin do día? Foron as súas políticas tan distintas das que herdaban?

Estes aspectos son os máis estáticos ao longo da evolución do populismo, as características máis comúns dentro da diversidade de exemplos que poderían definirse como populistas, pois como anuncia Freidenberg, é un concepto "vago, ambiguo, elástico, con moitos prexuízos e rencor" (2007, 23). Desta maneira estudosos como Paul Drake propoñían en 1982 a revisión deste fenómeno dividíndoo en tres marcos ou períodos: protopopulismo, populismo clásico, e o tardío. O primeiro deles sucedería antes da explosión do capitalismo no continente, nas tres primeiras décadas do século (un exemplo sería a Unión Cívica Radical e Hipólito Yrigoyen en Arxentina, e en Perú poderíase revisar se os gobernos do Partido Demócrata con Piérola e Billinghurst cumpren os cadros). O populismo clásico desenvolveuse de cheo entre 1930-1950, coa expansión das clases medias e urbanas, unha industrialización notable, a mobilización crecente das masas e por consecuente unha crise no sistema de poder tradicional. Exemplos deste momento son os xa citados, Sánchez Cerro, o APRA de Haya de la Torre, e no plano rexional destacan os de Getúlio Vargas en Brasil, Juan Domingo de Perón en Arxentina, José M<sup>a</sup> Velasco Ibarra en Ecuador, Lázaro Cárdenas en México, e tantos máis. Non obstante, o populismo tardío "reaparece" a partir de 1970 con contextos económicos e sociais xa distintos, e agora disputándose o mando político coas Forzas Armadas na maioría dos países, con protagonistas como Alan García en Perú, López Portillo en México e vellos coñecidos como Perón ou Velasco Ibarra nos seus respectivos países. Un caixón que se abre dende os 80 son os "novos populismos" que se presentan cunha nova face neoliberal (Alberto

Fujimori en Perú, Carlos Menem en Arxentina, Collor de Mello en Brasil, etc), sen deixar de convivir con puntuais retornos de populistas máis socialistas e antiliberais (antiimperiais, indixenistas) como son dende finais de 1990 os de Rafael Correa en Ecuador, Hugo Chavez en Venezuela e Evo Morales en Bolivia (Freidenberg, 2007, 53-55). As últimas variantes de populismo fan moi complexo ter unha definición pechada do concepto, mais queda exposta a amplitude, percorrido e difusión deste estilo de política.

A grandes rasgos as formas que levan a caracterizar un liderado ou movemento político como populista serían:

1. Unha relación estreita e directa entre o líder e os seguidores (paternalista e carismática) sen necesidade de mediadores (sindicatos ou partidos)<sup>6</sup>.
2. Un convencemento dos seguidores da excepcionalidade (cualidades, oratoria, pasado) do líder. Os atributos que a sociedade xeral valora como naturais e propias para a autoridade e un "bo líder" teñen moito que ver coa cultura política<sup>7</sup>.
3. Unha retórica que apela ás masas, reixeita aos *outros* e exalta a relación amigo-enemigo. O auditorio será chamado como "pobo", implicando que sexa o máis indefinido posíbel (para que calquera se sinta integrado) e tratando de quitar o corte de clase, así pérdese o individuo (suxeito propio das democracias liberais, o cidadán) e se presentan políticas máis corporativistas. Falamos así de "pluriclasismo". Iso si, queda limitado o Pobo por ter un antagonista, un contrario que simplifica os suxeitos do discurso de xeito bipolar: o ben e o mal (a oligarquía como o vilán).
4. Unha práxe sustentada no intercambio clientelar e patrimonialista. Son os intereses dos grupos inferiores na relación vertical os que promoveran as políticas sociais nos gobernos populistas (que tenden a ser reformas moderadas, e non revolucionarias como invocan), posto que os obxetivos dos seus líderes son case únicamente políticos<sup>8</sup>, a cambio, o candidato ocupa o poder (Freidenberg, 2007, 28-35).

---

<sup>6</sup> Agora ben, o candidato non sempre é independente; na maioría das veces, se non se presenta xa cunhas siglas, acaba formando un partido, seguramente por validarse cunha estética democrática. A maiores, dicindo que a relación é directa, non se exclúe o emprego das redes clientelares (Freidenberg, 2007, 30).

<sup>7</sup> Como xa se mencionou, a natureza e pasado colonial levan a que a sociedade valore un tipo de relación concreta; actitudes familiares, creencias (relixiosas/mesiánicas), carisma, o sentimentalismo, etc; sendo moi superficial a concepción dos autores das teorías da modernización de que o líder só é un *charlatán* que "manipula" a unhas "masas marxinas dispoñibles" (Freidenberg, 2007, 40).

<sup>8</sup> As vagas intencións cara o benestar social, saúde e reclama "revolucionarias" pola igualdade, son desprazadas á *paciencia*, mentras se desviven pola *urxencia* de rexenerar a administración, loitar pola liberdade, defender a nación, e evitar o enfrontamento de clases. "O social é no mellor dos casos, instrumental, ao servizo do político" (Álvarez, 1994, 20)

Finalmente, é interesante reflexionar sobre a participación dese *pobo* no movemento. O populismo clásico lémbra-nos a unha masiva mobilización, en comparación á que poidera existir previamente, unha ocupación multitudinaria dos espazos públicos (así chamaba o gaitanismo, de Jorge Eliécer Gaitán en Colombia, "Pueblo, a la carga") fóra do institucional. Os seus líderes sinalaban isto como a "irrupción do pobo" na política, a democratización, mentres que a representación a seguen contendo grupos reducidos e destacados na pirámide, e unha vez no poder, rara vez se edifica algunha vía que garanta a libre expresión ou vontade da sociedade (buscando moitas veces a censura do rexeitamento). O certo é que ese *pobo* é un ente mítico, igual que a Patria, sacralizado, onde non collen opinións ou individuos, e é o Estado quen debe dirixilo seguindo a idea tradicional-familiar de lograr a convivencia, impartir a xustiza, modernizar a economía, e promover o desenvolvemento, aínda que sexa pola forza. A integración é deste xeito "máis estética ou litúrxica, que institucional" (Álvarez, 1994, 24-26). Mais na fin, os populistas non son quen de saír da política que critican, dominada polo intercambio de favores, as relacións privadas e a dependencia; en contra da oligarquía pero atados ás súas formas. Conseguiuse o sufraxio universal para ás veces votar pola mesma política, con outra imaxe e cores.

Cómpre recoñecer que o populismo e as súas promesas funcionan en contextos concretos, polo que resumidamente: o proxecto, e a *tentación*, non sempre cala. Para iso é ideal o seguinte punto, que nos leva a entender en que momentos e situacións se dá ou acada o poder o populismo en Perú, anunciando xa que as formas de instaurarse no mando son diversas, mais as oportunidades nas que máis se emprega o liderado que vimos describindo tenden a ir da man de crisis (política, económica, ou episodios de conflito social). En conclusión, os populistas, e os seus discursos, farán por mimetizarse coa escena.

## **2. Historia política e contextos do Perú contemporáneo.**

A historia de Perú como nación independente iníciase de xeito distinto aos diferentes países de Sudamérica, comezando por que o núcleo líder e os interesados diferían do resto, ficando en Perú o virreinato máis rico e simbólico e o centro militar español, opóndose ao principio á vaga independentista. Non obstante, os vaivéns entre a guerra contra os franceses na Península e os autoritarismos de Fernando VII abren o camiño cara a autonomía de Perú no 1821, pola cal a historiografía aínda debate se sería "concedida", polas presións independentistas externas, ou "alcanzada" polos intereses das elites locais. O resultado é igualmente inequívoco: sen revolución social deuse paso a unha nova república autoritaria

(Torres, 2007, 114-115). A cultura virreinal e do Antigo Réxime perviviú ao longo do século XIX, mesturándose co liberalismo republicano, dando lugar a moitos gobernos "liberais" da man dos militares e máis adiante "democracias" legadas na aristocracia (Torres, 2007, 121). Esta receita resistirá ata ben entrado o século XX, acompañada do que en palabras de Fernando de Trazegnies describía en 1979 como "modernización tradicionalista", pretendéndose implantar o atractivo capitalismo e modelo estadounidense, mais cunha "profunda resistencia a todo cambio na estratificación social" (Saravia, 2017, 136).

As primeiras décadas do novo século XX son nomeadas pola historiografía como República Aristocrática, alcume que nos desvela o modelo político que se porá en práctica pois dende o 1895 ao 1919. O sufraxio censitario garantirá as cadeiras de poder nas familias da elite tradicional peruana. E non só iso, Steve Stein fala dun "renacemento do estilo de goberno colonial", tras ter desprazado este aos caudillos e á elite criolla, que protagonizaran a construción política do país dende o 1810. Deste xeito o goberno turnaríase entre os dous grandes partidos do momento, o Partido Civil e o Partido Demócrata, cunha xerarquía clara e acceso limitado (Stein, 1980, 28). Agora ben, a base social tamén estaba cambiando, e non precisamente para acompañar silenciosamente a política. A orde comezaba a cuestionarse. Gañaban protagonismo os comerciantes, banqueiros estranxeiros, novos intelectuais da nacente clase media, e tamén os obreiros, cos seus sindicatos e voceiros. O puxe industrial e comercial non só trouxera inversores foráneos; desprazábanse os peruanos para as cidades, centros de traballo, e medraba así a poboación velozmente, sobre todo na costa, constituíndo un modelo exportador, que xa non entroncaba co proxecto nacionalista das vellas familias, incapaces de entender, ou menos aínda, mirar polos intereses da nova sociedade. Polo tanto, para 1919 non só os dous partidos no poder perderon o control polo desentendemento e desgaste, senón que de entre as súas filas saía o civilista Augusto Leguía, que dunha formación máis achegada á clase media, foi quen de coaligarse coas preocupacións da burguesía, as clases urbanas en expansión e a grandes rasgos apuntar o goberno peruano na dirección da economía capitalista que se instalaba. Tomaba o poder na súa persoa mediante un golpe de Estado e pechaba esa república aristocrática, gobernando durante os próximos once anos, o que se chamaría o Oncenio de Leguía (Cotler, 1970, 447).

Augusto Leguía presentaríase a dúas "eleccións" en 1924 e 1929, gañando como candidato único, sen esquecer asemade o seu éxito inicial e proxecto de modernización

(acorde co plan económico capital)<sup>9</sup>, pois se construían agora as estradas para conectar o rural coa costa, obras de irrigación, edificábase o urbano, extendíase a educación, etc. Sen dúbida isto traía consigo o florecemento da organización obreira (aparecen os sindicatos, o Partido Socialista,..), a mobilización desta e tamén dos centros proletarios da serra e o sur, por non deixar sen citar tamén a emerxencia do indixenismo (que Leguía terá presente nos seus discursos); e finalmente, formábase o Partido Aprista (Contreras e Cueto, 2013, 254). Xorde o APRA como unha alianza de traballadores (sobre todo cañeros e clase media norteña), que triunfa fronte ao marxismo de José Carlos Mariátegui<sup>10</sup>, porque non predica a revolución social, considerada lonxana no entón por non existir un forte proletariado, ao non estar o capitalismo tan desenvolvido (Cotler, 1970, 448). O Partido Aprista Peruano (PAP) parte do personalismo dun intelectual de Trujillo, Víctor Raúl Haya de la Torre, quen de líder estudiantil pasa a exiliado pola súa oposición ao goberno de Leguía e no 1924 precisamente en México funda o APRA. O carácter e as bases do partido discutirémolas con detalle máis adiante, por ser o APRA o maior expoñente do populismo, e non só do Perú, tamén o exemplo máis lonxevo e influínte do continente (Mariátegui, 1994, 233).

As políticas de Leguía buscaban modernizar o país mediante o pragmatismo, reformaban o aparato social e a burocracia (medrando exponencialmente as clases medias urbanas), extendían a maquinaria capitalista, pero sobre todo lograban a aceptación xeral da poboación polos avances na economía, ao impulsar finalmente unha mellor redistribución das ganancias da exportación. Agora ben, o imprescendíbel para nós é ver nesta década a orixe do aprismo, que se presentaba como unha "fronte única de traballadores manuais e intelectuais" para desenvolver o "capitalismo nacional dende o Estado, dirixido polas clases medias" (Contreras e Cueto, 2013, 264). Non sería esta a única mobilización das masas da década. A fin da *Patria Nueva* de Leguía viña anunciándose coa crise mundial do 1929, que botaba o freo da década de progreso que arrancara o home "destinado a salvar a nación" (Stein, 1980, 41), pois este perdía o apoio das personalidades económicas e manifestábanse en folga as cidades e campo; mais é finalmente o levantamento militar encabezado por Luís Miguel Sánchez Cerro o que destitúa do goberno a quen tan comodamente se tivera asentado nel. A

---

<sup>9</sup> A crise do civilismo explícase tamén porque a sociedade anterior non precisaba de intermediarios, os protagonistas e políticos eran a elite, sobre un pobo "bárbaro que tiñan que educar". Coa aparición das clases medias este sistema e goberno colapsa, Leguía entende isto (Contreras e Cueto, 2013, 242).

<sup>10</sup> Mariátegui foi o maior defensor do indixenismo e o socialismo, este último como forma de liberar e decolonizar aos indios (que eran catro quintos das clases obreiras peruanos). Él mesmo proviña de familia humilde, mais convertíndose nun famoso escritor e periodista, difundiu o seu pensamento que remataba coa utopía dunha sociedade colectivista que voltase ás raíces incas. Para máis información, consultar a súa biografía editada por Marchena Fernández (1988).

sorpresa non foi o golpe de Estado, senón todo o apoio e masas que o acompañaba, entrando en escena outra nova figura que lograra aínda máis seguidores que Leguía ou Haya de la Torre. A sublevación de Sánchez Cerro non é un caso illado, pois situámonos nunha década do contexto latinoamericano no que a causa do crack do 29 non só se descompoñen as economías exportadoras, senón que a elite, e en definitiva a sociedade, se debate un cambio de sistema. Nestes intres de crise e cambio rexurden os militares como fronteiras ou freos contra o "caos", en resposta ao descrédito dos políticos aseguran a orde e a tradición, agora ben, adaptándose algúns ás demandas sociais.

Cómpre recoñecer en Leguía a demostración dun xefe de goberno personalista; nos seus discursos xustificaba o seu goberno aproveitando a mala propaganda do civilismo, non só se atribuíu o desterro deste (subscríbese así ao que remataría por definirse como inimigo do pobo nos discursos populistas das próximas décadas: a oligarquía), senón que perseguirá ás clases tradicionais para mantelas lonxe do poder (así como a calquera que lle fixera a oposición). A maiores, no oncenio buscará institucionalizar a súa forma política no Partido Demócrata Reformista, mais sen chegar a ceder representatividade. Finalmente todo leva a que por primeira vez a elite económica cuestionara a necesidade dun goberno da oligarquía para concorrer os seus intereses, perdéndose un lazo que parecía natural, o que abría a mirada destes tamén cara a fórmula populista (que a maiores de deixalos operar semellaba manter máis contentas as masas) (Stein, 1980, 43-47).

A sublevación de Sánchez Cerro instaurou unha Xunta de Goberno militar que dirixiría o país os seis meses seguintes a ese 30 de agosto no que se anunciaba a fin da ditadura de Leguía. Para febreiro de 1931 escribírase un novo estatuto electoral, para tratar de reiniciar as eleccións, dalgunha forma máis limpa (obrigatorio e secreto, pero seguían excluídas as mulleres e analfabetos), o que permitía que o APRA se fose a presentar as súas primeiras eleccións, mais convocábanse esencialmente polos sanchezcerristas para reafirmar a súa presidencia cunha base máis "democrática". As grandes diferenzas entre os candidatos eran: programa/partido (Haya de la Torre tiña detrás un partido e militancia así como un elaborado programa, mentras que o de Sánchez Cerro comparábase pola sinxeleza que se basaba nun ideario nacionalista moi militar, así como a recién creada Unión Revolucionaria para respaldar ao líder), apoio e bases do voto (o APRA vence entre as clases medias e os obreiros mentras que Sánchez Cerro logra a empatía dunha maior diversidade social, especialmente as clases baixas urbanas ou o "lumpenproletariado", pois o último aspirante recalcaba nas súas arengas a extensión do voto ás capas máis pobres, entre outras promesas) (Álvarez, 1994, 42), sen

poder dar por alto o apunte da súa aparencia (un Haya blanco descendente de familia acomodada, contra a popularidade do apodado "Cholo Sánchez Cerro" pola súa orixe máis humilde e mestiza) (Saravia, 2017, 238).

As eleccións celebrábanse en outubro de 1931 e dous meses despois o recuento dos votos declaraba a Sánchez Cerro como presidente, cunha vantaxe de apenas 50.000 votos máis que o PAP, pero que supuña para o militar un 50% dos votos mentras Haya de la Torre quedaba cun 35%. Malia que os apristas acusasen o resultado de fraudulento, foron sen dúbida as eleccións máis limpas realizadas ata entón, e Haya de la Torre perdía por non xerar a mobilización que lograra Sánchez Cerro, cunha experiencia de goberno e mando no poder de 6 meses, unha rede clientelar fortísima debido a súa fama de favores, e a empatía que podía achegarlle ás clases baixas a súa procedencia (Stein, 1980, 189). O seu goberno sería curto, non só debe afrontar a gran depresión, mais queda marcado polo conflito civil co aprismo, perseguido, o que finalmente remata no seu asasinato (abril de 1933) nun atentado a mans dun militante aprista. Neses apenas dous anos de mandato Sánchez Cerro tamén impulsaría medidas como legalizar o divorcio civil, limitar o prezo dos alimentos, derogar a Ley Vial (pola que se forzaba aos campesiños a traballar na construción dos camiños, herdanza do plan modernizador de Leguía), crear comedores benéficos e mesmo un comité para investigar a "honestidade" do aparato estatal (Anderle, 1985, 239). Por último, o máis significativo foi a firma da Constitución do 1933, a cal establecía liberdade de culto, voto obrigatorio e secreto, sufraxio feminino nas municipais, impedía ao APRA e ao Partido Comunista de presentarse a eleccións (este artigo 33º manteríase ata o 1962), así como prohibía a reelección, situación que xa se vería imposibilitada polos seguidos golpes militares contra case todos os gobernos que perseguiran a democracia ao longo do século. É precisamente o militarismo o que veremos sucede a Sánchez Cerro (Contreras e Cueto, 2013, 268).

Así, a década dos trinta queda distinguida polo retorno dos militares á xefatura do Estado. Despois do asasinato de Sánchez Cerro o Congreso nomearía a Óscar Benavides como presidente provisionario (aínda que permanecería no cargo ata o 1939, ano das seguintes eleccións), un militar que encabezaba unha ditadura por un ano. Xa era un vello coñecido dende o golpe que levantara en 1914 contra o goberno do demócrata Billinghurst. Neste decenio continúa a expansión das clases medias (en número e conquista de espazos), ao mesmo tempo que se crea a empresa para a produción nacional que acompañaba un plan estatal con tímidas políticas sociais, non só por frear a pulsión e avance do APRA, debido tamén ao "catolicismo social" do momento e a vontade industrialista de despegar Perú da

herencia colonial exportadora e dependente (Contreras e Cueto, 2013, 271-272). Isto acompañado dun Congreso pechado, censura dos medios e violencia e exilio para as manifestacións opositoras ou de masas. A transición foi fácil, por eleccións máis ou menos limpas, quedando en 1939 como novo presidente Manuel Prado Ugarteche, un banqueiro cuxo pai xa fora dúas veces presidente no s. XIX, e que demostra a simpatía co predecesor nombrando mariscal e embaixador en España. O partido de Prado, coalicionado no Frente Patriótico, representaba a opción conservadora; pero o seu goberno, ao tempo que entablaba estreitas relacións con Estados Unidos a partir da Segunda Guerra Mundial, inscribiuse no ISI (Industrialización por Substitución de Importacións)<sup>11</sup> e tivo importantes políticas redistributivas (principalmente no urbano), acompañado da creación das empresas públicas. A maiores abríase á liberalización política, autorizando novamente os sindicatos, e sacando ao APRA e o PC da ilegalidade, o que remata na formación no 1944 da Confederación de Trabaxadores del Perú (que pronto o APRA dirixiría) (Contreras e Cueto, 2013, 281-283).

Como expresa Eduardo Torres no capítulo adicado ao autoritarismo, no mencionado libro *Buscando un rey*, no século XX peruano só catro gobernos ou presidencias se poderían categorizar como plenamente democráticas: o primeiro con José Luis Bustamante y Rivero (1945-1948), os dous de Fernando Belaúnde Terry (nos periodos de, 1963-1968 e 1980-1985), e o de Alan García (1985-1990). Desta forma, menos os contados casos, sinálase como a maioría entra no poder a partir dun golpe de Estado, e os que non, rematan aferrándose a el ou practicando políticas moi autoritarias (Torres, 2007, 189). É polo tanto Bustamante y Rivero o que rompe coa política conservadora dos vellos poderes como era a que continuaba Prado Ugarteche, mais de que forma? Abogado de prestixio, sería chamado a encabezar unha nova alianza para as eleccións á presidencia de 1945: o Frente Democrático Nacional, unha organización moi heteroxénea na que se integraron apristas e comunistas (aínda coa prohibición de presentarse cos seus partidos), o que rematou dificultando a gobernabilidade debido ás diferenzas. Este tipo de alianza electoral fíxose común nos anos 40 cando o comunismo se considerou, a causa da Guerra, aliado, entablado estes acordos por todo Occidente como forma da esquerda de participar no poder. O Frente pretendía modernizar o país, descentralizar a política, impulsar o desarrollismo e ata reformar as institucións do agro (o yanaconaje, o "traballo gratuíto" nas facendas, etc). O goberno de Bustamante y Rivero

---

<sup>11</sup> Unha tendencia que seguiron neste período (1940-60s) a maioría de gobernos latinoamericanos, con un relativo éxito nos inicios. O Estado estimulaba o crecemento industrial, en oposición ao *laissez-faire* dos anglosaxóns, creando industrias estatais e intervindo nas compañías. Isto favoreceu tamén o xurdimento dunha burguesía nacional, acompañado dunha expansión da clase obreira, o que en política se relacionou estreitamente coa propagación das forzas populistas (Skidmore e Smith, 1999, 65-66).

naceu con grandes expectativas, buscaba fuxir das dificultades económicas da Segunda Guerra Mundial promovendo a industrialización, pero as políticas desacertadas e o desabastecemento de productos causaron un veloz aumento da inflación, e finalmente, unha grave crise. É significativo tamén o problema social, pois vemos ás clases medias atraídas pola solución autoritaria para restablecer a orde e evitar unha nova guerra civil, e como veremos no punto terceiro (que profundizará no aprismo e Haya de la Torre destes anos), a oposición do APRA, as mobilizacións, e máis tarde a sublevación dos seus seguidores a principios de outubro de 1948 (que Bustamante reprime con dureza), serán a fin do intento democrático (Contreras e Cueto, 2013, 299-304).

O 29 de outubro de 1948 o xeneral Manuel Odría gañaba o control do goberno a través dun golpe de Estado, instaurando unha ditadura co beneplácito da oligarquía e as clases medias. O "ochenio" de Odría (1948-56) xustificábase polo militar como unha "revolución restauradora", novamente liberalizando a economía que se recuperou rapidamente debido á Guerra de Corea (1950-53), pois trouxo un incremento das exportacións e intereses extranxeiros, mentras que no aspecto social se imporíaa unha forte represión. O APRA voltaba a ser perseguido, e Odría para disolver o apoio ao movemento de masas empregaba actitudes propias do populismo<sup>12</sup> para mellorar a súa imaxe entre a poboación; financiando a construción de barrios marxinais, reforzando a seguridade social e infraestrutura pública, e incontables xestos de caridade que non só sinalan o paternalismo da súa figura, mais tamén o seu apoio nas redes clientelares que entendeu como imprescindibles para asegurar o seu cargo e a desexada paz social (Cotler, 1970, 453-454). Nunha época sinalada polos historiadores como a "explosión demográfica" a poboación demandaba políticas sociais, e para iso Odría tería como lema "Salud, Educación y Trabajo", normalizándose dende entón as políticas populistas desde todas as tendencias (calquera político precisaba refrendo dunha extensísima poboación urbana). Situámonos agora nun período de expansión da alfabetización e desta á difusión da prensa ás provincias, que veu acompañado dende os anos 50 coa inclusión da radio no menaxe das casas de todo o país; así, a oposición contaba con máis medios para facer fronte á ditadura. O pobo reclamaba repoñer a orde constitucional, lográndose en 1956 a celebración dunhas controvertidas eleccións (Contreras e Cueto, 2013, 313-315).

Gañaba a presidencia novamente Manuel Prado, non só co apoio da burguesía e clases medias, agora tamén dos votantes apristas, sen deixar de citar a inclusión por vez primeira do

---

<sup>12</sup> Máis do tipo sanchezcerrista, pero seguindo a moda e exemplo do momento, o populismo dos anos 40 que personificaba Juan D. Perón, quen o mesmo Odría admirou (Cotler, 1970, 454).

voto feminino nestas eleccións. Con ese apoio do APRA coñécese este goberno de 1956-1962 como o da "convivencia", e non foi sen cuestionables pactos. Prado permitiríalle ao APRA unha esperada participación no xogo político, e debido aos cambios sociais e económicos (nova sociedade de consumo), a dirección do Partido entende que debe abandonar a postura radical, concordando con Prado nun plan de "integración nacional" que propugnaba equilibrar as diferenzas sociais e modernizar a economía para facela máis autónoma dentro do capitalismo internacional do momento (Cotler, 1970, 455-457). Este goberno implicou unha clara apertura democrática e construía as bases para o neoliberalismo en Perú, non obstante a sociedade vivía unha transformación aínda máis veloz e o reformismo alzaba a voz.

No 1963 un aprismo que xa tomara distancias con Prado apoiaba agora á nova fronte que quedara segunda nas eleccións do ano anterior<sup>13</sup>: Acción Popular, un partido liderado por Fernando Belaúnde Terry, cunha ideoloxía desdibuxada no lema "Perú como doutrina", falando de nacionalismo "revolucionario e democrático", mais definíndose o mandato (seguindo a liña) polo personalismo do presidente (Torres, 2007, 193-194). Aínda que se fixo un importante intento de reforma agraria, foi novamente debilitado polos intereses oligárquicos, polo que as políticas que destacan na práctica de Belaúnde foron a construción de obras públicas e a comunicación da selva co urbano, así como reinstaurar as eleccións municipais (que non se convocaban desde Leguía). Agora ben, o apoio popular que basaba Belaúnde no seu "La conquista de Perú para los peruanos" tivo que ser esquecido cando nos anos centrais dos 60 se enfrentaba a numerosas guerrillas que xurdían ao longo do país<sup>14</sup>, requirindo en varios casos a axuda norteamericana (nunha década na que o xefe do norte se inmiscuía "pacíficamente" nos asuntos do continente). Unha nova crise económica, e a oposición, dificultarían os últimos días do goberno, que remataba finalmente co exilio de Belaúnde. Novamente a causa dun golpe militar no 1968, mais desta vez anunciaba acompañar o movemento e cambios sociais das masas: unha nova ditadura, agora socialista, e por suposto populista (Contreras e Cueto, 2013, 331-339).

O 3 de outubro de 1968 as Forzas Armadas organizaban o golpe de Estado que poñía como novo xefe de goberno a Juan Velasco Alvarado, constituíndo unha ditadura "bonapartista" ou corporativa, significando isto que se presentaba un proxecto autoritario de

---

<sup>13</sup> As eleccións do 1962 sinalaron a Haya de la Torre vencedor, pero un golpe militar se adiantou ao recuento final para evitar un goberno aprista. Así, a Xunta Militar gobernou durante un ano ata convocar novamente as eleccións que gañaba agora si, Acción Popular (Torres, 2007, 195)

<sup>14</sup> Máis detalles sobre os movementos guerrilleiros de Perú en Jan Lust (2013)

modernización "dirixida" para o país. Para iso o autodeterminado "Gobierno Revolucionario de la Fuerza Armada" poñía en marcha o "Plan Inca", o cal prometía realizar todas as reformas que propuxeran o APRA e Acción Popular e nunca cumpriran (Contreras e Cueto, 2013, 340-342). As políticas e goberno de Velasco Alvarado tratarémolas máis especificamente no terceiro punto, como un dos exemplos do populismo. Serían nos seus sete anos de mando cando se promoveron as maiores reformas, falando con este de "socialismo de Estado". Concluía esta primeira fase da ditadura cando as mesmas Forzas Armadas protestaron contra o personalismo de Velasco que se aferraba á dirección, sublevándose nun novo golpe militar desde Tacna no 1975, e o seu líder, o xeneral Morales Bermúdez remataba substituindo a Velasco no cargo. Nos seguintes cinco anos a ditadura vivirá importantes dificultades financeiras, as consecuentes folgas, e o fracaso dunha idea que na segunda fase foran desarticulando. Finalmente vense forzados a convocar no 1978 unha Asamblea Constituínte e firmábase con esta a Constitución máis moderna da historia peruana; cumprindo 170 anos a República, proclamábase que era cidadán calquera peruano/a maior de 18 anos, entendendo que agora todos os peruanos eran iguais. Voltábase no 1980 ao camiño da democracia, que escollía de novo ao popular Belaúnde Terry. No mesmo día das eleccións, Sendero Luminoso empezaba a loita armada, pois anunciaban que vengarían o incumplimento dos fins revolucionarios prometidos polo goberno militar (Torres, 2007, 144-145).

Haya de la Torre morrera un ano antes, pouco despois de asinar a Constitución como presidente da Asamblea xa dende o hospital. Polo tanto, con un APRA acéfalo gañaba no primeiro sufraxio universal, sen mobilización da esquerda, novamente Acción Popular con Belaúnde. Esta segunda presidencia orientouse a retroceder ao Perú de 1968, desatendendo as reformas do docenio militar, mais nun país moi distinto e completamente urbanizado con máis de 17 millóns de habitantes. Belaúnde quedou arrinconado nunha economía en crise (crecente débeda externa, problemas de produción no agro, etc), e por se fora pouco, infravalorou a Sendero Luminoso, que daba inicio a un cruel conflito por máis de dez anos. O escenario que quedaba no 1985 era como pouco, preocupante, o que mobiliza masivamente o voto nas eleccións, nas cales gañaba ao fin (permitíndolle gobernar) o APRA, logrando após máis de 50 anos a súa primeira presidencia en solitario. Alan García Pérez era o líder victorioso (cunha maioría do 46% de votos), grazas a unha campaña aprista modernizada (cunha personalidade xoven, o presidente máis novo do país, con 36 anos), falando para todos os peruanos. García era un impecable orador, televisando elocuentes discursos; prometeu acabar coa corrupción, protexer a industria nacional, cambiou a moeda, o sol, polo "inti", e así

lograba reducir a inflación nun 60%. A súa popularidade medraba ao tempo do seu personalismo. Buscará marcar a diferenza, e elevar o seu protagonismo, facéndolle fronte ao capitalismo internacional reducindo o pago da débeda externa, mentras no ámbito nacional estatizaba a banca (encarando a burguesía e as "familias adifeiradas que freaban o desenvolvemento") (Contreras e Cueto, 2013, 371-374).

Ao instalarse no poder vemos como Alan García radicaliza as súas políticas, e volta sen disimulo ao marco aprista inicial, co discurso antiimperialista e tercermundista; nacionaliza empresas extranxeiras, conxela os prezos e sube os salarios; e dalgunha forma logra aillarse do mercado internacional, representado na súa frase "la plata se quedará para el pueblo y no se irá a Miami". Agora ben, estas actitudes populistas malia acadarlle unha aprobación inicial de máis dun 90%, facían renacer en breves a inflación en forma de hiperinflación (rozando o 9.000% anual), e o fracaso económico saíu á luz ao tempo que se agravaba o terrorismo e se descubrían numerosos casos de corrupción (Mariátegui, 1994, 244-245). En 1990 a democracia, despois dos diversos intentos, perdía credibilidade, de tal forma que nas eleccións dese ano os votantes preferiron escoller a un candidato totalmente descoñecido, Alberto Fujimori, onde o factor máis destacable para o seu rápido recoñecemento foi a identificación de "discriminado" por ser *nisei* (fillo de inmigrantes xaponeses), mais tamén o seu sobresaínte percorrido académico, con un lema simple e eficaz: "honradez, tecnología y trabajo" (Torres, 2007, 146). En suma, pechábase o século co aparente fracaso das fórmulas democráticas, mesmo estas corrompidas polo populismo, personalismo, ou afán de poder, que cando non empezaban xa por un golpe de Estado, remataban virando cara formas autoritarias (como foi en efecto o caso de Fujimori e o seu decenio).

### **3. Dous casos e un paradigma. Perú e tres experiencias populistas.**

Após o repaso, para analizar máis concretamente como se deu, e as variadas presentacións do populismo no país, é preciso centrarnos en tres exemplos, para ver que teñen de populistas estes líderes, dar pé a unha pequena comparación e observar os seus resultados ou legado. Cal é a fórmula? Algo sucede para que se torne nunha vía política tan recorrente, e nestes tres casos, coas súas distancias fomaís, sobresaen importantes éxitos. Como sinala Álvarez Junco, "O estudo do populismo interesa, entre outras razóns, porque obriga a un cuestionamento dos conceptos e métodos de análise tradicionais da ciencia política" (Álvarez, 1994, 11). É por iso que cómpre afondar e comentar cada un dos casos e exemplos que se dan

fóra dos marcos do democrático dende o século XX, para comprender como xorde este modelo político, e se é un paso cara a democracia ou unha alternativa a esta, con especial calado en Latinoamérica. Agora ben, merece cada un dos procesos ser tratado individualmente, pois malia compartir as liñas xerais do que definíamos como populismo, non se conforma unha ideoloxía ou doutrina que todos sigan, así como o contexto, as fórmulas e os líderes teñen as súas distancias (máis alá do temporal). O que sen dúbida podemos afirmar como tendencia común é a conquista do espazo e mobilización das clases "populares"<sup>15</sup>, así como unha renovada consideración destas como elemento esencial dos (e para) os seus gobernos, subliñable probablemente como a mellor achega do populismo no continente.

Ditas clases populares comezaron a medrar exponencialmente no século XX, o que provocou unha desestabilización do sistema tradicional do continente, e como víamos previamente, en Perú isto se dá a ver na política dende a década de 1910. Considerado unha ameaza, o primeiro que presentara unha alternativa sería Augusto Leguía, cun goberno que parecía romper co *status-quo*, pero non necesariamente incluía ás masas da sociedade na súa xestión (as mesmas eleccións están amañadas, ninguén o escolle e menos se mobilizan por el), mais co súa dictadura personalista aseguraba manter unha nova orde coa *Nueva Patria*. Co estoupido da crise económica no 1929 amósase xa mais claro que o arranxo fora temporal, e co levantamento dun novo líder, as masas eran axitadas en favor dun mellor xefe. O 1930 traía un cambio no xeito de facer política, e o escollido estaría entre un intelectual do APRA, un Haya de la Torre novo, coñecido polo seu sindicalismo, ou un destacado militar que levantaba a voz en nome das maiorías. Ambos cun discurso populista, pero con distintas propostas. Desta vez vencía a militar, primeiro co golpe de Estado e despois nas eleccións do 1931 (Skidmore e Smith, 1999, 226-227). Luís Miguel Sánchez Cerro auguraba un novo Perú, como se presentaba a ruta?

### **3.1. Un primeiro populismo.**

O novo camiño comeza a abrirse por un home que acada a súa popularidade, especialmente entre as capas máis pobres, debido á súa procedencia humilde e etnia mestiza, cunha tez que por primeira vez si se asemellaba á grande parte da poboación peruana. Participara xa no golpe militar a Guillermo Billinghurst no 1914; logo, tras un intento fallido

---

<sup>15</sup> Este termo cando comeza a usarse na época dos sistemas de base censitaria, adoita referirse a aquelas clases non propietarias, e polo tanto privadas de dereitos políticos (dando luz verde a que un líder os acade por elas). Ese "populares" pode sinonimarse despois no "Pobo" dos discursos populistas (aínda que sexan "interclasistas"), un núcleo que á fin é a raíz do concepto popul-ismo (Álvarez, 1994, 15).

de apartar a Leguía no 1921, é enviado ao exilio a Europa, nos anos 20, o que influiría as súas ideas (que quedarían máis claramente plasmadas no partido que creaba unha vez no poder, de orientación fascista<sup>16</sup>). Unha vez no mando apoiárase nos antigos civilistas, os cales pretendían recuperar a economía de exportación, e a maiores, a oligarquía parecía tranquila pois vían na súa figura alguén quen de controlar as masas (e que mellor que un militar por se se require unha maior represión) (Saravia, 2017, 238-240). A primeira demostración de heróe ao pobo de Sánchez Cerro está no *Manifiesto de Arequipa*, do 22 de agosto de 1930, no cal se dirixía a unha audiencia heteroxénea (pluriclasista). Así, cando chega a Lima o 29 dese mes trala sublevación, é recibido por unha imprevista concentración de xente, o que parecía significar unha nova era. No *Manifiesto* explicaba non só o motivo do levantamento, senón os plans para mellorar o país: cargado de ataques a Leguía e as políticas ineficientes, xuraba rematar coa corrupción, tiranía e represión do réxime, recuperando a "moral" de Perú, mais non se mencionaba ningún xiro no económico ou cambios na estrutura social (aloxándose da revolución que algúns crían ver). O seu discurso enchía o bloque do "anti" con todo o que tivera que ver con Leguía, e moito do seu antileguíismo remove un sentimento na sociedade que lle acada o seguimento masivo, e ao seu ver, lexitimación (Stein, 1980, 88-90).

No seu primeiro mando, como presidente da Xunta militar que o sustenta durante 6 meses (setembro do 1930 a febreiro do 1931), promovería o seu apoio e popularidade para as vindeiras eleccións con medidas como a distribución de alimentos a través dos cuarteis de policía (nun momento de grave carestía), a abolición do odiado programa de construción forzada de estradas. Tamén, nunha inesperada actitude modernizadora, a legalización do matrimonio e divorcio pola vía civil (o que lle acarrearía unha tensa relación coa Igrexa ao longo do seu goberno). É mais, creou unha lei para evitar que os vecindarios obreiros fosen desafuzados polos propietarios por mor do retraso nos pagos trala crise, amosando unha vontade de paz social; máis aínda, cando se reunía cos propietarios da industria para negociar, e despois ía aos barrios pobres a promover a doazón de roupa e comida (ímaxes que o promocionaban nos periódicos). Gañaba así a admiración das clases traballadoras, e dalgúns líderes socialistas, mesmo cando se declaraba nas súas palestras en contra do "radicalismo" e avisaba que respondería con represión ao comunismo. Dende logo as organizacións obreiras non foron do seu agrado, dacordo coa súa ideoloxía conservadora e en contento das

---

<sup>16</sup> O Partido Unión Revolucionaria (PUR) fúndase por vontade de Sánchez Cerro en xullo de 1931, cun propósito básico, preparar a campaña para as eleccións de outubro dese ano. Un partido que se distanciaba da burocracia e se basaba nos vínculos persoais, Panebianco caracterizaríao no 1990 como unha "organización carismática". As ideas e os integrantes que o írán conformando achéganse ao fascismo, e este partido, unha vez morto Sánchez Cerro no 1933, abrazaría abertamente a extrema dereita (Saravia, 2017, 243-244).

oligarquías que o respaldaban. As elites cedéranlle o poder para restablecer a orde, que desde a Lei de Emerxencia ata a disolución da prensa ía contra as organizacións e movementos das masas (encarcelando aos dirixentes do PC e a Haya de la Torre). Polo tanto, a súa face caritativa e en defensa do pobo convivía co seu liderado autoritario, que recoñecía inspirarse no sistema e entramado da República Aristocrática, en cuxos membros se apoia nun intre no que o exército non estaba preparado, ou non daba mostras de saber gobernar o país. Sánchez Cerro é finalmente presionado a convocar eleccións para finais do 1931 debido a unha Xunta débil; mesmo así, a oposición temía unha auto(re)elección (Stein, 1980, 91-95). Ate as eleccións, o líder debeu apartarse do poder como esixencia dos seus primeiros apoios, que o substituían seguíndose no mando varios destes militares. O que se viu dende fóra como un exilio só mellorou ou renovou a súa imaxe; o sofrido mártir?

Deste xeito non parecía precisar de amañar o resultado. O seu liderado personalista traspasaba as distancias entre presidente e sociedade/masas coa súa actitude paternalista: el, como pai, faría o mellor pola grande familia peruana, e os seus seguidores parecían convencidos, gracias a ser considerados á fin, relevantes. As masas cumpren o soño de ser vistos finalmente como cidadáns (tomando parte no sufraxio e política nacional por vez primeira). Con Sánchez Cerro as clases populares convéncense de que as súas demandas poden ser escoitadas e as súas vidas ao fin poden mellorar; xa non era só o socialismo (que tiña unha fachada máis intelectual), senón que un peruano, dunha institución e méritos que parecían máis materiais (ou familiares, como é a carreira militar), e que lles transmitía a confianza a través dun vocabulario máis próximo, presentaba unha nova opción en prol da maioría da poboación defendendo a "igualdade": o populismo logra a adhesión ou recoñecemento polas masas dun movemento "para todos", o que as ideas de esquerda europeas non acadaran. Isto supón, aínda que de momento simbolicamente, a integración na política dunha maioría marxinal, onde ata agora só participaba a elite, e só os vellos e novos acomodados se interesaban por facela: a liña horizontal<sup>17</sup>, parecía curvarse cara un vértice dirixido ás maiorías. Sánchez Cerro decátase dos cambios, e busca atribuírse as vitorias populares. Así recordaba o seu rol como "el hombre que repetidamente arriesgó su vida por la libertad de la gente y el honor y futuro de Perú". Cos seus discursos elevábase, demostrando carisma e oratoria (mais afirmaba evitar o uso de palabras complexas para non confundir aos

---

<sup>17</sup> Un cumio no que se ubicaban soamente aristocracia e oligarquía, e que se constituía grazas a unha barreira económica. Mais os do medio da pirámide, nacente burguesía e clases medias (especialmente liderados por intelectuais ou militares) comezan a traspasar esa restricción, reorientando a liña cara o vertical; a súa extensión cara abaixo avanzaría coas décadas.

oíntes), pero quería ante todo posicionarse como un home de acción, polo que ameazaba repetidamente aos seus inimigos; no inicio os leguistas e tiranos, e após a notable competencia do APRA cara as eleccións, tamén os apristas (que relacionou e acusou de colaboracionistas con Leguía, por non dicir que os tachaba de ateos, en contra da tradición e a familia, antinacionalistas,..). Revelou en varias ocasións estar guiado por un "sueño patriótico", e como militar se enorgullecería das medidas nacionalistas pola "grandeza do país". Iso eran as palabras, mais a realidade é que polo interese económico abría as portas e poñía máis facilidades que nunca para a entrada de inversións extranxeiras (Stein, 1980, 106-114).

O populismo de Sánchez Cerro distinguirase do que representaba o APRA por querer dirixir a revolución social, presentándose como portavoz do Pobo, como xeito de evitar realmente o avance das clases populares cara unha conquista de poder. Ou o que é o mesmo, mentras o APRA pretende abrir as portas da política aos cidadáns (primeiramente as clases medias e urbanas), Sánchez Cerro, en coalición coa burguesía, finxe camiñar polas clases baixas cando a súa motivación é realmente tutelar, e manter, a orde social (que Haya de la Torre prometía derrubar). Estamos pois ante unha sorte de "populismo militar", non só porque o líder nesta ocasión sexa militar, senón porque a vontade final non é incluír ao Pobo, senón controlalo, e o actor protagonista para esa orde é o exército. Por iso nos anos 30 é tan relevante o conflito entre o aprismo e os militares, nun comezo os sanchezceristas e despois os de Óscar Benavides, pois o APRA demostra mobilizar a escala nacional as bases populares cunha organización política moi ben estruturada; un populismo que ameaza a pirámide tradicional. Os seguidores apristas gañan protagonismo na actividade do partido e tamén na loita política deste, dende a guerra civil que estoura tralas eleccións (que o APRA manterá como fraudulentas) ata o asasinato a mans dun aprista de Sánchez Cerro no 1933, o que representa o paso a acción e toma de decisións no curso político por parte das clases baixas (Cotler, 1970, 451-452). En resumo, a principal característica que sinala de populista o goberno de Sánchez Cerro é o seu personalismo e liderado carismático, pois é este, e non un programa (inexistente) ou partido (decoración xustificativa), o que explica o seu rápido éxito e apoio entre as masas. As súas medidas sociais oriéntanse máis a conformar un estado protector no senso paternalista (e a manterse no poder) que a mellorar a estrutura de benestar, pero con respecto ao que existía previamente e á crise recente que desestruturara a economía, o mínimo esforzo foi valorado positivamente. Sánchez Cerro será recordado como un gran presidente, especialmente polos sectores sociais baixos, que se ven apelados polo seu discurso e por vez primeira considerados na política. Este será o primeiro éxito populista.

### 3.2. Un populismo puro.

Na outra beira temos o que foi subliñado como "un fenómeno tipicamente populista": o APRA. O forte liderado de Haya de la Torre, a pervivencia da súa ideoloxía, a sucesión e goberno cun novo aprismo nos 80 con Alan García, e especialmente a dedicada construción dun partido, bases e programa logra que a súa extensa influencia o eleve como un dos movementos populistas máis lonxevos de Latinoamérica (sobrevivindo, aínda que debilmente, ata a actualidade). Cales son as súas claves? Seguindo as características que expoñíamos no primeiro punto sobre o populismo segundo Flavia Freidenberg, o APRA vai cumprindo todas as casillas. A Alianza Popular Revolucionaria Americana é fundada por Víctor Raúl Haya de la Torre en 1924 en México inspirándose no marxismo, o indixenismo, a revolución mexicana e especialmente como un movemento en contra do imperialismo que se fortalecía no continente a mans dos Estados Unidos. Deste xeito os cinco puntos da "estrela aprista" se enumeraban da seguinte maneira: "1. Loita contra o imperialismo yanqui. 2. Nacionalización progresiva de terras e industrias. 3. Internacionalización do Canal de Panamá. 4. Unidade de América Latina (ou "Indoamérica" como Haya adoitaba dicir). 5. Solidaridade cos pobos e razas oprimidas do mundo." (Mariátegui, 1994, 236-237).

Porén, o APRA non chega a Perú ata que Haya de la Torre retorna do exilio, en 1930. Os méritos que o recoñecen como líder, e que levan a que fose desterrado, serían o seu papel no mobilizado sindicalismo estudiantil (remata por liderar as manifestacións ao facerse famoso por un artigo no periódico no que formulaba a necesidade dunha universidade popular<sup>18</sup>) e na loita obreira pola conquista da xornada de oito horas, concretamente no 1919 cando os estudantes se unen á folga, e el destacaría nas negociacións (Stein, 1980, 130-131). Cómpre non esquecer que o intelectual de Trujillo chega ata aí e ten unha sobresaínte formación grazas a unha procedencia aburguesada<sup>19</sup>, o que permite que se sinta cómodo no rol de "profesor-caudillo" ou *Maestro máximo*; de feito un dos diferenciadores na campaña entre os populistas no 1931 sería como mentras Sánchez Cerro se identificaba como o "cabeza da familia cholo", o paternalismo de Haya se asociaba máis como o do "sabio pai branco" (Stein, 1980, 180-81). Esa motivación por educar aos sectores máis "ignorantes" é outro elemento que revela a organización do movemento: en oposición ás ideas de revolución social que

---

<sup>18</sup> Unha proposta para ampliar a educación media e superior aos sectores máis baixos, onde os mesmos estudantes universitarios se encargarían de organizar clases para os obreriros (Stein, 1980, 130).

<sup>19</sup> Non sería un aspecto que el ocultase, senón que se mostra orgulloso de rexeitar eses privilexios e educarse para obrar pola igualdade de todos. É para el a educación superior a chave para o progreso, e o que sitúa por riba ás clases medias á hora de encabezar un cambio (e non o proletariado como no socialismo) (*Ídem*, 133).

podía ter a esquerda, que representaría J. Carlos Mariátegui (ambos líderes cun inicio e entendemento común, divídense por diferencias na persecución da meta, o último sinalando en Haya tendencias fascistas a favor da burguesía), o aprismo xuraba que só as clases medias, pola súa formación e profesionalidade poderían lograr un mellor futuro. Entón o APRA sería a conxunción da "xuventude do brazo e o cerebro", que viña a significar a dirección dos traballadores polos "especialistas", intelectuais ubicados entre a clase alta e media, isto é, unha xerarquía vertical do partido, onde no cumio se nomeaba Haya como *Jefe máximo*. O personalismo era tal que o aniversario do líder era celebrado como o día do Partido. Agora ben, baixo o aprismo eran todos iguais nos brazos dunha familia, non importando tanto o que pensan (ou como), mais si o que sinten; onde todos eran irmáns, "individuos e non votos"; reflectindo a calidade sentimentalista do populismo (Stein, 1980, 152-155).

Entre todos eses alcumes "máximos" destaca tamén o de "Pontifex", que deriva da ritualidade do partido, non só tendo himnos mesiánicos, senón slogans prefixados ("Solo el APRA salvará al Perú!" xunto con "Ni con Washington ni con Moscú"), un estilo de roupa e xestos designados (un saúdo á romana cun pano branco), etc. No conxunto podía ser interpretado dende fóra facilmente como unha secta, e non distaba tanto da realidade cando o APRA se presentaba como a "nova relixión", e a actuación do partido estivo sempre condicionada polas vontades e intereses do líder en cada momento (Mariátegui, 1994, 234) (de educar a guerrillar, e de reclamar un cambio ata pactar cos poderes conservadores para entrar no goberno<sup>20</sup>). Ese retrato, o tono autoritario e ideas radicais explican o forte rexeitamento das elites cara o movemento. O carisma de Haya de la Torre é central, construindo unha relación de tipo sacerdotal, na cal el é un mártir e a súa loita un sacrificio, reforzado nos seus discursos con extractos do Novo Testamento, define así o aprismo como "unha cruzada moral-relixiosa para a rexeneración do home peruano". Unha retórica que non deixaba de convivir cunha visión vertical do poder, pola cal grazas a extensas redes clientelares el se erixía como o mismísimo "Lenin peruano", avogado a liberar o pobo (ademais como costeño do norte xustificaba o seu anticontralismo<sup>21</sup> e odio á Lima

---

<sup>20</sup> Do rol aleccionador nos 20, ao APRA como "exército civil" levantado en armas ao longo da década dos 30 contra os presidentes militares, seguido dun intento de golpe de Estado no 1948 polos apristas, e o posterior apoio á presidencia conservadora de Manuel Prado na citada "Convivencia" (Mariátegui, 1994, 242-243).

<sup>21</sup> Haya de la Torre nacera en Trujillo, unha cidade da costa norte, e que por unha similar avanzadilla industrial e modernizadora se opoñía ao clásico centralismo limeño, político e administrativo, do país. A cuestión rexionalista resúmese así: o Perú, igual que a súa xeografía, quedara dividido dende o colonialismo económica e socialmente entre unha serra feudal, maiormente poboada por indíxenas e mestizos, e unha costa máis urbana, moderna e capitalista dominada polos brancos. Esta última é destacada por erexir as forzas políticas tradicionais (a aristocracia e a oligarquía tras a independencia) e impoñer desde a súa posición a forma centralista no Estado (Klarén, 2004, 15).

"privilexiada" e á súa oligarquía). A mobilización era entón moi disciplinada, acorde co que o líder dictaba (quen era o inimigo, que era correcto e que non). O complexo entramado é o que explica a supervivencia do partido, que malia rasgos moi elitistas, se presenta como policlasista, cuxo único inimigo, a oligarquía nacional e foránea, constituía a razón de loita e unión; o APRA como a casa do pobo "virtuoso e homoxéneo" que sofre da corrupción dos ricos pervertidores. Unha diferenza salientable no discurso de Haya, máis fóra da norma populista, sería un tono máis académico e cheo de cultismos (Freidenberg, 2007, 104-105). Mais de novo, ese "pobo ideal" que se ensalzaba en cada un dos seus sermóns, era etéreo, o suficiente para posibilitar a identificación de todos, excepto os citados malfeitores (maniqueísmo en regra), o que propicia o culto e a mobilización das maiorías (de calquera sector), agora chamadas e incorporadas ao xogo político.

Non obstante, debemos distinguir que o presente movemento populista ten conviccións máis profundas que a simple presidencia, polo que o APRA non esquece un contido político (a maiores dos 5 puntos ideais xa descritos, que foron renomeados como "programa máximo"). Os plans económicos contestan á visión inicial de Haya de la Torre, segundo o cal Perú era un país dual con dous eixos económicos: un moderno (azucareiro, mineiro e industrial) que se financiaba con capital extranxeiro, e un tradicional (asociado ao campo, o algodón e o feudalismo) (Freidenberg, 2007, 106). A campaña máis práctica (en contraste, o "programa mínimo") propoñía a "creación dun Estado antiimperialista, con planificación estatal da economía, a nacionalización das industrias, e a reforma agraria". No ámbito social engadíase o establecemento dunha seguridade social, administración pública, separación de Estado e Igrexa, etc. Un borrador ante todo modernizador, mais non radical, pois subliñaba o pragmatismo en prol de "mellorar as condicións de vida do Pobo", e buscaba máis redistribuír que expropiar (Stein, 1980, 162-163). Un Haya máis maduro á altura dos anos 50 reconecerá que o capital extranxeiro non debe ser rexeitado, senón que hai que negociar coa burguesía "desde unha posición de forza", o que, como explica Aldo Mariátegui, viña a traducirse en que debía utilizarse o capitalismo, mais en favor nacional; así nos anos da Comisión Económica para América Latina y El Caribe (CEPAL) o líder peruano veríase

atraído polas teorías de Raúl Prebisch e o industrialismo<sup>22</sup> (que non se verían aplicadas máis plenamente ata a dictadura de Velasco Alvarado) (Mariátegui, 1994, 240).

No transcurso do APRA e a súa mimetización na cultura política do país debemos subliñar a difusión nos anos 40 da radio, apropiándose deste novo instrumento, que empregarán a maiores dos medios xa integrados (prensa, panfletos e clubs), e que extenderá a mensaxe do partido ata o mesmo rural (espazo que non conquistara o movemento mesocrático). Que o APRA ampliase o seu público significou moderar o seu discurso, axustalo a un ideario máis "común" e menos revolucionario, o que resulta na dilatación das conviccións iniciais, que se van vendo apagadas. A ambición que se vai perdendo en Haya de la Torre (ao menos a que pretendía un cambio) podería xustificarse na incapacidade de traducir as súas promesas, debido a ser repetidamente impedido de gobernar, ben pola ilexitimación para actuar ao APRA, ou se cadra máis inxusto, por negarlle o dereito a tomar o asento de goberno mesmo cando lexitimamente gañaba as eleccións<sup>23</sup>. Así pois, se cadra por un líder cada vez máis maior, ou por que tivo que adaptarse á "corrente" da época para atravesar os filtros do poder, as medidas do partido en canto rozan o mando tórnanse máis conservadoras, implicando unha desactivación da mobilización popular. Isto en outras palabras sintetízase en que perdendo o liderado carismático, apartando a cercanía dos discursos e a actitude paternalista (supoñendo unha serie de esperanzas na rede clientelar que a respalda), xa non hai Pobo que o admire e siga, e polo tanto, o movemento populista desintégrese. Ante todo, o APRA como partido resiste (debido ao coidado entramado comentado e seguro que a nostalxia dos máis convencidos apristas), lembremos, por compoñer unha firme ideoloxía que o sitúa por riba de calquera outro liderado populista que crea un partido baleiro. Iso si, manteráse desactivado ata a chegada dun novo líder, que non será ata 1985 cun Alán García que conseguía por vez primeira levar ao APRA á presidencia (Mariátegui, 1994, 243-244).

---

<sup>22</sup> A CEPAL creábase polas Nacións Unidas en 1948 (unha das cinco comisións rexionais que se formaban) coa meta de perseguir o desenvolvemento económico e social do continente. Dende 1950 Raúl Prebisch sería o seu Secretario Executivo, e é nesta década cando se impulsa o modelo da ISI confiando no fortalecemento das economías nacionais e a superación da dependencia do clásico sistema de exportacións. Prebisch destacaría como economista arxentino polas súas achegas á Teoría do desenvolvemento (ou estruturalismo). Para máis contexto sobre a CEPAL e o seu calado na Latinoamérica dos anos centrais véxase a introducción e resumo de Aníbal Pinto (2019).

<sup>23</sup> A ilegalización do APRA non se levanta ata o 1962 (nese mesmo ano gañaría unhas eleccións invalidadas por un golpe militar), polo que Haya entre a represión e as dictaduras pasa gran parte destes anos no exilio. Isto dará pé a unha reflexión no seu libro *Treinta años de aprismo* (1956) no cal reflicte unha evolución na seu entendemento da política (Mariátegui, 1994, 243).

### 3.3. Un populismo á forza?

Por último é interesante estudar o caso da ditadura militar que se instauraba no 1968 co "gobierno revolucionario das Forzas Armadas" e Juan Velasco Alvarado na fronte desta coalición do exército. Novamente a crise, e o fracaso do goberno de Belaúnde Terry, empurra ás Forzas Armadas a dar un golpe de Estado coa xustificación de reorientar o país, económica e socialmente, e frear a emerxencia revolucionaria, esta vez con medidas reformistas e nacionalistas. O populismo que analizamos neste mandato xa non é a *vía* ao poder, que se toma a través dun cuartelazo (orquestrado sen colaboración algunha de civís), senón máis ben un xeito de manterse nel e gañar a lexitimación popular grazas a unha actitude e medidas populistas; en suma, un populismo "dende arriba" que non chama á participación popular, pois se intitula como autoridade representante e coñecedora das peticións e necesidades do pobo. Tales demandas incluían a estatización do IPC, a nacionalización dos recursos e industrias para lograr un desenvolvemento autónomo (e non dependente como describían a economía latinoamericana as premisas da teoría da dependencia nestes anos), unha modernización das institucións e servizos públicos, e por último, pero máis urxente polo impacto que causaba na poboación, o cese ou represión da violencia e actuación das guerrillas. Un dos máis destacados autores da escola da Dependencia, Theotonio dos Santos, describía este goberno como un réxime de "bonapartismo progresista" declarando que (Cotler, 1970, 465-467, 480):

"(Es) un gobierno autoritario, apoyado en un movimiento popular controlado, y que, a costa de las concesiones más dóciles y de represión a los revolucionarios, garantiza al mismo tiempo el dominio burgués (nacional) sobre el movimiento popular y las medidas progresistas de la burguesía contra los sectores más atrasados de la clase dominante"

O novo goberno militar sería un dos máis progresistas do momento no seu contexto rexional; dictaba que Perú precisaba unha nova orde económica "nin capitalista nin comunista", e un sistema sen desigualdades sociais que demostrase "xustiza, harmonía e dignidade". En concordancia coas súas vontades o golpe mesmo produciábase en outubro de 1968 enfrontándose con todo o aparato militar ante unha das maiores empresas extranxeiras, unha petrolera que expropiaban dos seus bens e expulsaban do país, e así presentaron o estilo de goberno que seguirían, autoritario e nacionalista. Uns días despois, bautizábase o 9 de outubro como o "Día da Dignidade Nacional", e a menos dun ano máis tarde creaban a primeira empresa pública, Petroperú, á que lle seguirían Pescaperú, Siderperú, Electroperú..., ao tempo que medraban os ministerios de goberno e os seus funcionarios, e así, fomentábase como nunca antes o emprego público. Veloz foi tamén a promulgación da reforma agraria,

que a mediados de 1969 se iniciaba expropiando os maiores latifundios do país (comezando polas plantacións de sucre), que agora se repartían baixo o control de cooperativas de traballadores (as chamadas CAPS, Cooperativas Agrícolas de Producción), as cales derrocaban á tradicional Sociedad Nacional Agraria (asociación da elite de propietarios, abolida finalmente no 1972). Cada 24 de xuño celebrábase o "Día do Indio", máis adiante renomeado "Día do Campesíño" cando agora máis que nunca se cumpría o seu lema revolucionario de "la tierra, para quien la trabaja", con tres cuartas partes da terra produtiva en mans das cooperativas. Comezou a falarse mesmo de "socialismo de Estado" cando no 1977 o 50% do produto bruto interno do país o representaba o sector público. Outras actuacións destacadas serían o recoñecemento do quechua como idioma oficial (a maiores do castelán) e unha ambiciosa reforma educativa que se emprendía baixo dirección de intelectuais de esquerda (Contreras e Cueto, 2013, 340, 345-353).

Unha das inspiracións recoñecida nas medidas sociais do goberno de Velasco Alvarado foi o APRA, por non dicir o carácter populista no control dos medios de comunicación (difusión masiva de modernos panfletos, os famosos afiches "revolucionarios"), a retórica antiimperialista e solidaridade tercermundista, a invocación do pasado indíxena e Tupac Amaru, a imaxe do líder de honorables méritos con pasado humilde... O principal asesor do líder, Carlos Delgado, tivera estreita vinculación con Haya de la Torre, e o APRA por vez primeira baixo militarismo non era perseguido, a súa convivencia política e manifestacións eran permitidas. De feito o "goberno revolucionario" prometía satisfacer as promesas de cambio que os partidos reformistas precedentes, que tildaba de caducos, non logran (Mariátegui, 1994, 243). Agora ben, esas propostas cumpríanse a través da imposición, pois non esquezamos que nos doce anos de dictadura, non se convoca ningún evento electoral, nin o Congreso, a Consitución do 1933 suprimírase cun estatuto revolucionario, os partidos operaban baixo a clandestinidade e a liberdade de expresión clausurábase ao tempo que a prensa era tomada polos militares. O principal (e único) mecanismo de revelación de intereses e relación entre as masas e o réxime sería creado no 1971 baixo o nome de SINAMOS (Sistema Nacional en Apoyo de la Movilización Social), tamén coñecida como *sin amos*, que manifestaba "Tu presencia es Revolución". A institución garantía a participación *organizada* e a reestructuración da comunidade<sup>24</sup>. Aínda así, este instrumento populista (liña de comunicación líder-pobo) remata fracasando pola resistencia interna, dos sindicatos

---

<sup>24</sup> Legalizouse baixo títulos de propiedade aos migrantes urbanos en "poboacións estatais"; aplicábanse leis como a de "comunidade industrial" na que os traballadores se convertían en accionistas da empresa, entre outras, co propósito final de acabar co conflito de clases, dende arriba (Skidmore e Smith, 1999, 235).

preexistentes e das elites tradicionais, levantando fortes restriccións e disidencia (Skidmore e Smith, 1999, 234-236).

O que de seguro anuncia a política velasquista é o nacionalismo, un fervor que non era novo, pero que viña agora acompañado do socialismo de Estado paternalista e protector dos recursos peruanos. Morales Bermúdez como ministro de Facenda xa afirmara que "as forzas armadas peruanas teñen plena conciencia dos problemas nacionais... (e como) os partidos políticos non prestaron atención aos auténticos problemas, impediron a transformación desexada e tivemos que intervir" (Lugrís, 2003, 105). A xestión do Estado e administración caracterizouse logo polo paternalismo, polo que non se libra do clientelismo e os favores, e os dirixentes afirmaban entón que as Forzas Armadas eran "as únicas capaces de liderar as masas (e o país) a un lugar seguro" que viña a soste con outras palabras a vella frase de Antonio C. Ribeiro de Andrada "Facer a revolución antes de que a faga o pobo" (Stein, 1980, 216-217). O intervencionismo e tecnocracia en canto á economía seguiron o modelo do ISI, unha vía que adiantamos, foi unha chave temporal (bos resultados no inico), pero remata por fracasar alí onde se implementou. A maiores, nacionalizáranse (ou "peruanizáranse") os bancos máis grandes; con todo, a débeda externa só se agravaba e convivía coa devaluación dende 1967, iso sumado cos límites ao extranxeiro, supón unha caída das inversións, e sen cartos, queda impedida a ansiada modernización (Cotler, 1970, 471-473). Ao tempo que enferma a economía froito das contradiccións, a natureza contra a participación da sociedade do réxime agudiza unha crise política que só saben responder con máis violencia e autoritarismo, presenciando así a propia autodestrución do goberno polas súas medidas.

A primeira fenda da ditadura será cando as mesmas Forzas Armadas se levanten e destitúan a Velasco Alvarado no 1975, substituído por un novo militar, Francisco Morales Bermúdez, quen se abriría á aperturización do goberno (entrando civís nos ministerios). Esta "segunda fase" carece da convicción socialista ou revolucionaria, desatende o programa de reformas e perde o liderado máis ambicioso. Así, os novos dirixentes afánse sen grande resistencia á idea de devolver á normalidade ao país convocando unha Asamblea Constituínte, e no 1980 unhas novas eleccións. Voltábase á democracia e ante o caos económico impoñíase a liberalización (Contreras e Cueto, 2013, 356-362). A vertente socializante dábase por vencida e a partir de agora o populismo acomodaría-se nos discursos neoliberais.

Velasco Alvarado é populista en tanto que as súas medidas pretenden ser paternalistas e lograr unha maior aceptación entre a sociedade (así como inspirarse no APRA máis

revolucionario), pero a relación coas masas é ben distinta. Temos sinalado unha clasificación que encadraba distintas fases do movemento, e se ben é certo que a ditadura socialista de Velasco non entra no populismo clásico, vemos unha ausencia de características clave para definir o seu mandato como populista. Primeiro de todo, falta no seu inicio o que o citado Ernesto Laclau propoñía como raíz dun goberno populista: a relación directa entre Pobo e Líder (Mariátegui, 1994, 233). Verdadeiramente o militar non precisa desta nin dun movemento social, porque tomará o poder pola forza; así, só estará interesado en estreitar os fíos de conexión unha vez asentado no mando, e como xeito de lexitimar e prolongar a súa presidencia (co exemplo do mencionado SINAMOS). É preciso entón cuestionarse se Velasco Alvarado reproduce as actitudes populistas porque xa se integraron na base e tradición política do país<sup>25</sup>, ou porque realmente confía en que para o súa "revolución" o liderado personalista e nacionalista é a reposta para asegurarse no poder. Ámbalas dúas perspectivas subliñan a elevación política do ideal populista, na que as actitudes deste son admiradas, tanto polos homes en busca de gobernar ou facer política, como pola sociedade como promesa máis familiar e de referencia en momentos de crise ou desconfianza no sistema político tradicional (oligárquico ou democrático). Emporiso, máis que populista, Velasco Alvarado aproveitaría as formas personalistas para lograr o apoio popular a través de medidas nacionalistas que prometían o despegue económico e independencia do país. Desta vez as propostas e voces do cambio parecían dar froitos, aínda que fose con formas autoritarias, mais na fin, *a meta xustificas os medios*. Os obxectivos trúncanse unha vez máis recoñecendo o idealismo das medidas, e finalmente, do populismo socializante. O populista volvería a mutar, a adaptarse.

*Resultado: un populismo integrado.*

Ese é en suma o carácter adictivo do populismo: un discurso e promesas que se aproveitan das necesidades e do sentir popular. E como poucas veces acada o auténtico poder (ou non cumpre o prometido unha vez tomado), convértese nun mito, nunha esperanza ideal de cambio e mellora. Non só se volve familiar, senón que se integra como vello coñecido, ao que acudir cando os tempos son difíciles (porque *mellor o malo coñecido, que o bo por coñecer*). Funciona como unha ilusión tanto para as masas, como para os seus "salvadores". No caso das primeiras, a de escoller sen intermediarios ao seu líder e o futuro da súa xente ou nación (cando antes estaban desprazados da política), e máis adiante, a de mellorar ou reparar

---

<sup>25</sup> Unha práxe que dá a imaxe de "democrática": se entablas unha relación estreita coa sociedade e logras a súa aprobación (ata admiración), é que tes o seu consentimento, o que pode asemellarse a un voto maioritario, ou o que é o mesmo, como se fose escollido polo pobo.

as condicións sociais (en contextos de crise). Mentras que para os homes ambiciosos de mando, resulta un seguro para achegarse ao poder (ou manterse). O desexo de estar presentes e impulsar un cambio é o que bota á rúa as masas nas décadas "clásicas" do populismo, entre 1930-50, cando a partir dun líder cun discurso moi alentador todo iso se cre posíbel. Cando para a minoría o populismo pode ser un xogo político, unha vía para chegar ao poder, para as maiorías é unha nova ilusión. Esa esperanza popular irá máis alá da ficción co paso das décadas, ao tempo que as melloras sociais se van transformando en dereitos e xa non son só anhelos dunha utopía. Isto, en definitiva, tradúcese en que se converte no primeiro xeito efectivo de conquistar a participación e o voto. Grazas á aparente relación máis estreita con quen pensas que fala por ti, logrará un maior arraigo no continente que a democracia importada do norte do globo, máis fría e intelectual, menos atenta ás necesidades inmediatas (e aos favores). En poucas palabras, o personalismo populista preséntase como unha relación beneficiosa para ambas partes. Unha simbiose que quere, ou finxe, romper coas desigualdades existentes e o arcaico e limitado sistema político, tanto para os seus seguidores como para os seus novos líderes.

#### **4. Conclusións e reflexións sobre o impacto na cultura política.**

Se fôsemos simplificar o concepto de liderado populista, poderíamos comparalo do seguinte xeito: o populismo é a versión política (coas súas implicacións sociais) dunha oferta moi persuasiva. Un negocio no que os firmantes conseguen o que buscan; neste caso, poder, a quen xa ten dereitos, e dereitos á maioría que sempre foi desfavorecida e apartada polo poder tradicional. Non sorprende que o novo modelo político, baseado tamén en intercambios de favores e as inmortais redes clientelares, beba do patrimonialismo, producíndose unha transición do vello sistema oligárquico máis a xeito de evolución, que de ruptura. O idealista pensaría que a nova expresión é "unha oligarquía de todos", xa que a nación mesma conforma unha familia, sendo o líder o pai, e os cidadáns os fillos da patria. O novo esquema presenta non obstante á oligarquía anterior como inimiga da Nación, e este último carácter é á fin unha das pistas da maduración do discurso político, non só por adaptarse aos oíntes que son unha maioría non culta (por non repetir o imaxinario maniqueo e sentimentalista que reiteran os oradores), senón por introducir o nacionalismo como factor imprescindible da política. A lírica da "nación" convértese agora nun sentimento necesario, anexionador do pobo e orgullo de calquera bo cidadán (que como honra medieval fai que morras por ela na guerra e traballes xornadas incansables por "levantala"). É a nova moda e chegou para quedar. Mais en contra do que pode suxerirnos, o discurso, ao cargarse de antagonismos, non achega a cohesión da

sociedade, nin o recoñecemento do outro ou de algunha diversidade; non propón o diálogo, senón que pretende acabar cos grupos sinalados; así impónse unha visión do que é a "vedadeira" comunidade nacional, o que alonxa a meta dos consensos e na fin, a democracia mesma (De la Torre, 1994, 58).

O modelo populista non rexenera o sistema político, de forma que as institucións siguen funcionando "de arriba cara abaixo" (como a relación dos líderes coas masas), pois mesmo cando se logran unhas eleccións limpas e competencia entre os partidos, estes últimos, debido á súa natureza personalista, practicamente desaparecen co home mesmo que os encabezaba. Deste xeito, inclusive o que se supón que debe sustentar a democracia, o equilibrio e a representación, é pervertido tamén polos vicios populistas. Os partidos clásicos que pensaríamos á europea non conseguen afianzarse na rexión andina (Crabtree, 1997, 99), onde calará mellor o carisma das voces singulares, polo que o que podería considerarse que o único partido que sobrevive ao seu creador, e cunha estrutura máis complexa, é o APRA, xa comentado non precisamente como un bo expoñente na defensa da democracia moderna. Falamos dun século no que a clase política coa irrupción das masas buscará ter o maior control dos cambios e movementos sociais, para iso, cando o populismo non conquistaba a presidencia, a represión e a violencia parecía ser a disxuntiva, ata o punto de normalizarse os gobernos autoritarios e a frecuencia dos golpes militares. A forza bruta logra facerse un sitio primario como forma de control social, ata o punto de admitirse entre as opcións políticas<sup>26</sup>. O resultado é esa desconfianza popular case maioritaria cara a democracia, cun apoio de a penas o 50% dos enquisados en Perú<sup>27</sup>, e unha satisfacción coa democracia de só o 21% (Schiumerini, 2022, 11, 30). Os datos amósanos unha frustración das intencións democráticas en boa parte da realidade latinoamericana; mais isto procede a unha reflexión subxetiva, e é se realmente se puxo en práctica a democracia moderna no Perú. Entre gobernos restrinxidos, populistas e dictatoriais pouco espazo quedou para unha política representativa ou equitativa; tendo en conta que cando se deu a oportunidade estas administracións eran axitadas con crises (económicas e tamén violentas, como as guerrilleiras, bandas do contrabando, etc), as metas

---

<sup>26</sup> A actualidade latinoamericana permítenos ver como un país e a súa poboación admiten preferir un goberno autoritario e represivo ante a inestabilidade e "inseguridades" dos anteriores gobernos e así se convirten en candidaturas que gañan eleccións. En última instancia chegan a refrendadar medidas violentas para xustificar as prerrogativas que se están tomando os seus presidentes (Nayib Bukele no Salvador e agora Daniel Noboa en Ecuador).

<sup>27</sup> Mentres o promedio nos 20 países da enquisa do *Barómetro de las Américas* de 2021 o "apoio á democracia" é dun 61% (gráfico 1), o noso caso e outros países como Colombia, Guatemala, Honduras ou Paraguay están por debaixo, con medias dun 51%, por non citar Haití na cola cun 46%. En canto á "satisfacción" (gráfico 12) en 13 dos 20 países da mostra "máis da metade dos enquisados están insatisfeitos coa democracia". Consúltese "El apoyo ciudadano a la democracia en América Latina" (Schiumerini, 2022, 11, 30-31)

democráticas (xustiza, desigualdades, reparto de riqueza, sistemas de saúde e educación) eran relegadas polas medidas urxentes como víamos no segundo punto do traballo.

Ben sexa porque non se acadou ou non funcionou, estamos ante un conxunto de países (case un continente enteiro) que sofre dunha herdanza política que perxudica o asentamento da democracia. O pasado colonial, a estrutura social tradicional (a familiar e a económica) e o catolicismo influíron fortemente ata o punto de instalar o patrimonialismo e personalismos paternais na cultura política das contemporáneas nacións. A sociedade compónse así de xeito vertical e pasa a depender tamén a política do clientelismo. O populismo só chegou para disimular o elitismo e discriminación da política anterior, a partir deste, sitúanse á cabeza individuos que xa non necesariamente eran os privilexiados de antes, en nome do "pobo" e algunhas veces cos seus votos, mais tales líderes seguirán a operar grazas aos poderes económicos e tradicionais (se non o exército, o pacto coa aristocracia, ou os empresarios). En palabras de Steve Stein: "As clases altas de Latinoamérica foron capaces de darlle aos sectores medios a sensación de exercer o poder e participar da política, cando continuaban a poñer eles as regras básicas do xogo" (Stein, 1980, 5). Dende os anos 30 coa súa incorporación, debido ao puxe das novas clases por integrarse na sociedade, o populismo amplíase e difúndese a morfoloxía do seu discurso a todas as verquentes políticas, conseguindo perdurar ata a actualidade, e a que consecuencias. O populismo xorde das crecentes reclamacións populares, pero triunfa e perdura porque se adapta non só ás necesidades do contexto socioeconómico, senón á estrutura mesma da nación, á súa cultura, e co paso dos anos ás tendencias políticas. A súa destacada mímese logra un xeito de representar (ou falar por, e sobre todo para) as maiorías de Latinoamérica mellor (máis efectivo ou máis acorde) do que chega a conseguir a democracia en parámetros europeos.

En definitiva, unha última afirmación neste traballo é de seguro a da asunción da vía e carácter populista na cultura política peruana. Demostráse isto co uso das formas populistas na persecución do poder tanto polo camiño institucional (tamén os máis democráticos), como polo autoritario, quedando expostos os diversos exemplos; aos que lle seguirían os tan comentados fóra destas páxinas, Alberto Fujimori, Ollanta Humala ou o máis recente presidente, Martín Vizcarra, nos que a corrupción é o crime máis livián (de crimes contra a humanidade a escándalos de defraudación e terxiversación de dereitos). Agora ben, confirmar que o populismo é xa a norma na función de todo presidente ata hoxe tórnase máis complexo debido á disolución do concepto que coñecemos e explicábamos no punto primeiro, pois mutou de cor e usos. Como toda tradición adáptase ás formas e gustos do momento (ou tería

desvanecido). Unha vez perdido o motivo socialista, seguiu o neoliberalismo, máis actualmente o discurso rematou por adscribirse á moda do presente, a posverdade, o que en outras palabras quere dicir que a elocuencia destaca e chama a atención do público agora máis pola mentira, ou o argumento non probado, que pola honestidade e intencións de mellorar a situación da audiencia, e en última instancia do pobo que ven a gobernar. O inimigo deixou de ser a oligarquía, agora son os propios partidos (especialmente o seu líder) e as súas políticas, sobre todo cando teñen a presidencia, segundo a oposición, os máis grandes viláns.

Así, ao deixar de facer política de medidas e solucións, os países deberon de afrontar crises sen plans de reforma efectivos, e cando os problemas e a sociedade sofre esta inoperatividade dos presidentes "democráticos", parece que só queda recorrer aos homes de acción, ao autoritario, aínda que limite as liberdades, pois "mentres solucione o caos" os cidadáns cederan. Se cadra esta é unha volta atrás, un signo máis do fracaso no progreso e implantación de políticas equitativas? Que cómpre esperar da política cando os que a representan amosan pouco respecto polo público, perseguindo o poder en beneficio propio máis que polo común? O carácter populista que resta na actualidade semella ter quedado soamente co lado negativo, a esaxeración dos discursos e o uso da vontade ou desesperación popular ante as crises como vía para a subida ao poder de líderes pouco interesados na política, e máis en formar parte do negocio.

## **Bibliografía:**

Álvarez Junco, José e González Leandri, Ricardo (coord.): *El Populismo en España y América*. Madrid: Catriel, 1994.

Álvarez Junco, José: "El populismo como problema" en Álvarez Junco, José e González Leandri, Ricardo (coord.), *El Populismo en España y América*. Madrid: Catriel, 1994, pp. 11-37.

Anderle, Ádám: *Los Movimientos políticos en el Perú entre las dos guerras mundiales*. Ciudad de La Habana: Casa de las Américas, 1985.

Buenfil Burgos, Rosa Nidia, e Navarrete Cazales, Zaira: *Ernesto Laclau : apropiaciones, debates y diseminación de su pensamiento en Latinoamérica*. Madrid: Plaza y Valdés Editores, 2018.

Contreras Carranza, Carlos e Cueto, Marcos: *Historia del Perú contemporáneo: desde las luchas por la independencia hasta el presente*. Lima: IEP Ediciones, 2013.

Cotler, Julio: "Crisis política y Populismo militar en el Perú", *Estudios internacionales* (Santiago de Chile), v. 3, n° 12, 2012, pp. 439-488. Disponible en: <https://doi.org/10.5354/0719-3769.1970.18922>

Crabtree, John: "Populismo y neopopulismo: La experiencia peruana", *Apuntes: Revista de Ciencias Sociales*, n° 40, 1997, pp. 97-109.

De la Torre, Carlos: "Los significados ambigüos de los populismos" en Álvarez Junco, José e González Leandri, Ricardo (coord.), *El Populismo en España y América*. Madrid: Catriel, 1994, pp. 38-60.

Freidenberg, Flavia: *La tentación populista : una vía al poder en América Latina*. Madrid: Síntesis, 2007.

Germani, Gino, Di Tella, Torcuato S. e Ianni, Octavio: *Populismo y contradicciones de clase en Latinoamérica*. México: Era, 1973.

Klarén, Peter F.: *Nación y sociedad en la historia del Perú*. Lima: Instituto de Estudios Peruanos, 2004.

Lugrís, Ramón: "O nacionalismo populista no Perú de Velasco Alvarado", *Tempo exterior*, n°6, 2003, pp. 95-109.

Lust, Jan: *Lucha revolucionaria: Perú, 1958-1967*. Barcelona: RBA, 2013.

Máiz, Ramón: "Estratexia discursiva e réxime emocional no populismo reaccionario." *Grial Revista galega de cultura*, v. 59, nº 229, 2021, pp. 22–31.

Marchena Fernández, Juan: *José Carlos Mariátegui*. Madrid: Quinto Centenario, 1988.

Mariátegui, Aldo: "El populismo y el APRA" en Álvarez Junco, José e González Leandri, Ricardo (coord.), *El Populismo en España y América*. Madrid: Catriel, 1994, pp. 233-247.

Pinto, Aníbal: "El pensamiento de la CEPAL y su evolución", *El trimestre económico*, vol. 86 (3), nº 343, 2019, pp. 743-779. Disponible co doi: [10.20430/ete.v86i343.894](https://doi.org/10.20430/ete.v86i343.894)

Saravia Salazar, Javier I.: *¿De qué hablamos cuando hablamos de populismos? Populismos y populistas en el Perú, siglos XIX-XX*. Tese da Universidade Nacional Mayor de San Marcos, Lima, 2017. Disponible en: <https://hdl.handle.net/20.500.12672/7481>

Schiumerini, Luis: "El apoyo ciudadano a la democracia en América Latina", *Lapop* (colección DP Enfoque), nº 8, 2022, pp. 1-46, Lupu Noam (editor). Disponible en: <https://dialogopolitico.org/documentos/dp-enfoque/dp-enfoque-nro-8-el-apoyo-ciudadano-a-la-democracia-en-america-latina/>

Skidmore, Thomas E. e Smith, Peter H.: *Historia contemporánea de América Latina : América Latina en el siglo XX*. Barcelona: Crítica, 1996.

Stein, Steve: *Populism in Peru: The emergence of the Masses and the politics of social control*. Madison: University of Wisconsin Press, 1980.

Torres Arancivia, Eduardo: *Buscando un rey: El autoritarismo en la historia del Perú, siglos XVI-XXI*. Lima: Fondo Editorial de la Pontificia Universidad Católica del Perú, 2007. Disponible en: <https://doi.org/10.18800/9789972428173>

Umpierrez de Reguero, Sebastián et al: "Populismo y polarización política en la Región Andina. Entre los líderes y la demanda populista." *Revista stultifera*, v. 5, nº2, 2022, pp. 155-185. Disponible co doi: [10.4206/rev.stultifera.2022.v5n2-07](https://doi.org/10.4206/rev.stultifera.2022.v5n2-07)

Wolff, Jonathan: *Filosofía política. Una introducción*. Barcelona: Ariel Filosofía, 2001.